

1. SENDEIRO LITORAL

Inicio: A Ramallosa
42° 06` 59.2"N 8° 48` 49.5"W
Final: Monteferro
42° 08` 58.2"N 8° 50` 13.0"W
Lonxitude: 10 km | Duración: 3 h.
Dificultade Técnica: Baixa - Moderada

📍 Inicio



📍 Final



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

Este sendeiro comeza preto da capela de estilo neoclásico de San Campio. A ruta pasa a carón do Templo Votivo do Mar, obra de Antonio Palacios coa que quixo realizar un tributo á historia da arquitectura en Galicia, e ao seu lado atópase o coñecido Arco Visigótico. O último tramo lévanos ata o Miradoiro de Monteferro, onde se atopa o Petroglifo das Penisas Pequenas e unha antiga batería de canóns instalada en 1936. Ao finalizar a ruta podemos achegarnos ata o Monumento á Mariña Universal.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

Percorrendo este "Sendeiro azul" distintivo de calidade ambiental, teremos a oportunidade de coñecer distintos espazos protexidos. A Zona de Especial Conservación de Ramallosa constitúe un sistema húmido onde a vexetación máis aparente é a de marisma e o grupo de animais máis evidente son as aves, que aproveitan a produtividade desde medio. É especialmente interesante a súa observación (de aves) durante os períodos de paso migratorio. No ENIL Dunas Praia América-Panxón están presentes máis de 40 especies vexetais autóctonas, herbáceas e leñosas, que reflicten gran parte da biodiversidade natural das dunas galegas. Dende Monteferro podemos contemplar o ZEC Illas Estelas.

2. SENDEIRO CIRCULAR DAS MEDOÑAS

Inicio: Camiño do monte
42° 09` 43.8"N 8° 47` 31.2"W
Lonxitude: 8,5 km
Duración: 3 h. 30 m.
Dificultade Técnica: Moderada-Alta

📍 Inicio



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

Sen dúbida, esta é a ruta máis indicada para coñecer as pegadas da nosa prehistoria. Ademais de varios petroglifos cunha datación entre o 3.000/2.000 A.C. conformados en círculos concéntricos con cazoletas e canles, o sendeiro discorre xunto a mámoa das Requeixadas.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

Neste sendeiro gozaremos dunha vexetación constituída por un mosaico de pequenos bosques autóctonos de carballo, masas de especies de produción forestal como piñeiros e eucaliptos, campos de labor e, monte baixo, leguminosas como toxos e xestas (Cytisus Scoparius e Cytisus Striatus), que son especies de porte arbustivo que forman a denominada orla forestal. Outros dos puntos destacables é o miradoiro dos outeiros

3. SENDEIRO PORTUGUÉS POLA COSTA

Inicio: Ponte da Ramallosa
42° 06` 59.1"N 8° 48` 45.2"W
Final: Río de Saiáns
42° 09` 59.1"N 8° 48` 04.4"W
Lonxitude: 9 km | Duración: 2 h. 30 m.
Dificultade Técnica: Baixa

📍 Inicio



📍 Final



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

Comezamos na Ponte Románica da Ramallosa, s. XIII. Pódense observar trazos do inicio do gótico na combinación de arcos de medio punto lixeiramente apuntados. Conta cun cruceiro na súa parte media coa figura de San Telmo asentado sobre un retablo con tres ánimas no inferno. Segundo a tradición, na ponte realizábanse ritos de fertilidade. A metade do camiño atopámonos cos Pazos de Urzáiz - Cadaval e o de Cea, dos s. XIV e XVI respectivamente, e ambos declarados Ben de Interese Cultural. O Pazo Urzáiz- Cadaval conta cunha escalinata balaustrada, capela do s. XVII, canastro de 8 vans e unha torre circular con ameas. O Pazo de Cea, pola súa banda, destaca pola escalinata de pedra pombal e canastro de 4 vans. Foi a residencia da intelectual Elena Quiroga.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

A entrada do Camiño en Nigrán e no ZEC da Ramallosa é unha zona de observación de avifauna, especialmente nos períodos de paso migratorio. Seguindo o Camiño, chegamos ao Parque Empresarial de Porto do Molle, que se atravesa para continuar por un bosque de ribeira dun afluente do río Muíños. Neste bosque húmido está presente a vexetación típica destas áreas, como amieiros e salgueiros e gran parte das herbáceas típicas do ambiente sombrío e húmido.

4. SENDEIRO CIRCULAR DE CAMOS

Inicio: Capela de San Roque
42° 09` 22.3"N 8° 46` 43.2"W
Lonxitude: 5 km
Duración: 2 h.
Dificultade Técnica: Baixa - Moderada

📍 Inicio



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

A ruta iníciase xunto ao xogo de bolos, preto da Capela de San Roque de Camos. Os bolos celtas é un xogo no que ademais de precisión é imprescindible a forza, xa que as máximas puntuacións conséguense lanzando os birlos o máis alto e lonxe posible. Trátase dunha disciplina ancestral con gran tradición na comarca do Val Miñor.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

Este sendeiro transcorre en parte polo bosque de ribeira do tramo alto do río Muíños. Trátase dun bosque de galería que se presenta como unha formación alongada que acompaña ao río na maioría do seu trazado. Este está composto por unha gran variedade de especies de árbores de folla caduca adaptada ao chans húmidos e frescos, como amieiros, salgueiros, freixos, bidueiros, loureiros e sabugueiros. Este carreiro circular é unha boa opción para gozar dun paseo tranquilo e con vistas. A cuberta arbórea ben conservada do bosque de ribeira (do río) permite a existencia ao longo de todo o ano dun microclima onde a humidade do chan e do aire favorecen a actividade dos anfibios.

5. SENDEIRO CIRCULAR DO CASTRO

Inicio: Rúa da igrexa (Chandebrito)
42° 09` 53.9"N 8° 45` 09.9"W
Lonxitude: 7 km
Duración: 3 h.
Dificultade Técnica: Baixa - Moderada

📍 Inicio



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

O carreiro comeza na chaira que se sitúa debaixo do Monte do castro, á beira do muíño das Chans e onde quedan dúas cruces dun antigo Via Crucis. Durante o percorrido, atoparemos dous petroglifos (un chamado Chan de Preguntadouro ao que se accede por un desvío antes de chegar ao colexio, e outro a uns 300 metros denominado Chan de Rapadouro).

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

O sendeiro combina treitos de monte baixo composto de toxos (Ulex sp.), brezos (Erica sp.), fentos (Pteridium aquilinum) e xestas (Cytisus), onde se intercalan pequenas plantacións de piñeiro e eucalipto coa posibilidade de coñecer un ecosistema forestal situado nas marxes do río Rodas, afluente do río Muíños, un exemplo de bosque húmido atlántico. Nel podemos atopar especies típicas como carballos, loureiros e amieiros que propician un ambiente de humidade e sombra ao longo do verán que xustifica a alta densidade e diversidade de fentos como Dryopteris filix-mais, e a conservación de anfibios tan interesantes como a pintega rabilonga (Chioglossa lusitanica), especie de distribución restrinxida ao NO da Península Ibérica.

6. SENDEIRO CIRCULAR DOS MATOS

Inicio: Rúa Sobral
42° 09` 01.1"N 8° 45` 52.1"W
Lonxitude: 2,5 km
Duración: 1 h.
Dificultade Técnica: Baixa - Moderada

📍 Inicio



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

O sendeiro foi un camiño tradicional empregado polos veciños de Chandebrito e Pracíns para ir á igrexa de Santa Baia de Camos (Igrexa Vella), ata a construción da igrexa de San Xosé de Chandebrito. Tamén era a principal vía de acceso para os muíños dos Matogueiras, que tiveron gran importancia local na elaboración de fariñas.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

Este pequeno e doado carreiro é moi interesante desde o punto de vista botánico. Destaca a persistencia dunha boa mostra de bosque termófilo húmido autóctono con presenza de loureiros que aparecen como árbores ou arbustos, e unha alta diversidade de fentos. Nesta masa forestal consérvanse tamén algúns carballos (Quercus robur) de gran porte. Sobre eles son frecuentes as plantas epífitas, como a cabriña, que son aquelas que crecen sobre troncos e ramas sen parasitar á árbore hóspede: trátase de brións, liques e algúns fentos, que conseguen así a radiación solar nun medio que é predominantemente sombrizo. Ás veces forman un tapiz continuo que finaliza por cubrir completamente a superficie das árbores. Chama a atención a diversidade de pequenas aves insectívoras que habitan este bosque.

7. SENDEIRO CIRCULAR DOS MOUROS

Inicio: Rúa Areíña
42° 07` 47.3"N 8° 45` 55.2"W
Lonxitude: 4 km
Duración: 1 h. 15 m.
Dificultade Técnica: Baixa

📍 Inicio



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

Este sendeiro percorre o Outeiro dos Mouros, promontorio granítico coroado por un fantástico miradoiro dende o que se ve toda a liña de costa dende Baiona ás Illas Cíes, a Serra da Groba, a Virxe da Roca, Monte Lourido, Monteferro, Illas Estelas, Miradoiro do Castro e Serra das Medoñas. A conformación do enorme bastión granítico, que serve de miradoiro natural, foi interpretado pola cultura popular como unha fortaleza construída polos mouros, seres máxicos da tradición galega. Neste espazo foi construída en 1.106 unha torre da que na actualidade apenas quedan restos identificables.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

Os bloques graníticos que dan personalidade a gran parte do carreiro foron orixinados pola descompresión ao ir emerxendo desde a parte interna da cortiza nun proceso que se denomina diaclasado. Neste medio pétreo son comúns os réptiles. Na parte baixa do sendeiro predominan as repoboacións de piñeiro, con pés dispersos de érbedos, carballos, arraqláns e pereiras bravas, xunto a invasoras como a acacia,

8. SENDEIRO CIRCULAR RÍO MUIÑOS

Inicio: Praia América
42° 08` 02.5"N 8° 48` 58.8"W
Final: Rúa Porto do Molle
42° 07` 56.7"N 8° 48` 11.5"W
Lonxitude: 5,5 km | Duración: 2 h. 41 m.
Dificultade Técnica: Baixa

📍 Inicio



📍 Final



🏛️ PATRIMONIO HISTÓRICO:

Ao longo desta ruta temos a posibilidade de atoparnos varias mostras de muíños de auga que servían para moer o gran e transformalo en fariña. A presenza deste patrimonio etnográfico contrasta co Parque Empresarial Porto do Molle, última parte do percorrido da ruta mostra do desenvolvemento tecnolóxico de Nigrán.

🌳 PATRIMONIO NATURAL:

Este carreiro parte desde a desembocadura do río no ENIL Praia América-Panxón para continuar por un bosque de ribeira. A vexetación típica está ben representada por amieiros, salgueiros, freixos, bidueiros e loureiros no curso baixo; no curso medio xa se aprecia unha pequena transición, pois tamén podemos atopar carballos e abeleiras. Neste bosque está presente a hedra atlántica (Hedera hibernica), especie robusta que se distribúe dende Escocia ata o sur de Portugal por toda a fronte atlántica. Ao chegar á altura do cruce deste carreiro coa autovía AG 57-N chaman a atención no río unha serie de filamentos de cor laranxa, que poderían ser confundidos con verteduras contaminantes, con todo, trátase dun proceso natural: en augas con alto contido en ferro poden proliferar unhas bacterias filamentosas (,) coñecidas como "bacterias oxidantes do ferro".



No noso Concello atoparás praias, sol, pazos, miradoiros, natureza, arte, cultura, música, tradición e modernidade... Percorreo enteiro polos seus sendeiros e ...

DESCOBRE NIGRÁN!

* Para que poidas gozar máis da experiencia durante as rutas, recomendamosche levar roupa cómoda, calzado axeitado e auga.

DIRECTORIO

ATENCIÓN Á CIDADANÍA:
986 365 500

OFICINA DE TURISMO:
986 368 734

POLICÍA LOCAL DE NIGRÁN:
986 383 929 / 696 440 390

TAXIS
• A Ramallosa: 986 350 009
• Nigrán: 986 365 409

URXENCIAS: 112
• Centro de Saude Casa do Mar (Panhón): 986 368 615
• Centro de Saude A Xunqueira (A Ramallosa): 986 352 600

www.nigran.org
[f/ConcelloNigran](https://www.facebook.com/ConcelloNigran)

